

Mobilización do persoal de lavanderías contra os recortes no novo convenio



[1]

Persoal do sector de lavandaría concentráronse o pasado venres -para darlle continuidade as mobilizacións iniciadas a pasada semana- diante do hospital Clínico de Compostela. Denunciaban así a pretensión da patronal de introducir recortes de dereitos consolidados no novo convenio provincial de Lavandaría, Tinturerías e Pranchado de Roupa, que se está a negociar.

27/1/14.

Segundo explicou o secretario comarcal da CIG-Servizos de Compostela, a patronal presentou unha proposta que contempla a unha conxelación salarial nun sector no que os salarios apenas acadan nos 700 euros; eliminar o plus de antigüidade e suprimir o plus de actividade industrial para aquelas empresas de máis de 27 traballadores e traballadoras.

Con esta concentración diante do Hospital Clínico as traballadoras/es afectadas/os pretendían dar a coñecer o conflito laboral aos/as usuarios/as do mesmo, xa que os centros hospitalarios públicos son os principais clientes das empresas máis relevantes do sector de Lavandaría, Tinturerías e Pranchado de Roupa.

Ligazóns:

[1] <http://cigservizos.org/node>